

I. FESTIVAL ARTEFICIAL ¿QUEN SOMOS?

ARTEFICIAL é unha asociación formada por un grupo de mozas e mozos da comarca do Ribeiro que nace no 2006 co obxectivo de potenciar novas actividades e mesturar diversas formas de expresión cultural dende unha postura actual e innovadora, atendendo así á demanda da xuventude en xeral e que:

- Involucren a toda a comunidade.
- Potencien a nosa contorna.
- Acheguen alternativas culturais.

A nosa actividade estrela: O FESTIVAL ARTEFICIAL, un festival musical e interdisciplinar en pleno conxunto histórico de Ribadavia que se celebra a primeira fin de semana de setembro.

ARTEFICIAL é un festival único por diversas razóns:

1- Pola súa situación: O Ribeiro, comarca chea de historia e riqueza natural. Termalismo, arquitectura, enoturismo, paisaxe, etc. A súa capital, Ribadavia, ofrece un amplo abano de posibilidades. Situada entre Vigo e Ourense, a distancia adecuada das dúas cidades, fai que sexa moi doado chegar ata ela e, polo tanto, un lugar ideal no que levar a cabo este festival que busca que se achegue xente dende todas as partes de Galiza e Portugal.

2. Polo seu formato: ao redor das actuacións musicais teñen lugar outras actividades que veñen a contribuír ao formato de festival cultural que queremos construír. Actividades como exposicións plásticas, recuncho pra crianzas, mercado das sementes, intervencións artísticas, gastronomía, etc.

3. Polas bandas: os grupos que achegamos ata Ribadavia sáense do circuío habitual de festivais galegos. Se ben hoxe en día xa existe unha rede consolidada na Galiza para o tipo de bandas que programamos podemos afirmar que Artifical foi un dos pioneiros nunha aposta firme por este tipo de escena.

4. Pola súa equipa de produción: Artificial é unha asociación sen ánimo de lucro integrada por mozas e mozos do Ribeiro que apostan pola comarca e polo seu desenvolvemento cultural, económico e social. Malia ser un traballo voluntario a produción do festival foi adquirindo ao longo dos anos un carácter profesional que se plasma no resultado e na satisfacción das e dos asistentes e das bandas participantes.

II. MARCO DE TRABAJO EN SUSTENTABILIDADE

A cultura forma parte de nos e configura a nosa identidade.

Sen cultura non hai desenvolvemento sustentable.

En setembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Axenda para o Desenvolvemento Sustentable 2030 na que se marcaron 17 obxectivos ambiciosos para transformar o noso mundo a nivel global. O gran avance da Axenda 2030 é a súa visión integradora para a consecución dun obxectivo común: transformar o noso planeta, á vez que converte a década na que vivimos na década da acción. O planeta non pode agardar, non hai prórrogas.



A cultura non foi incluída na Axenda 2030 pero, no proceso que temos por diante, configura ese espazo no que é posible refacer o mundo. A cultura funciona como eixe transversal para facer que deste mundo un lugar onde sexa mais sinxelo vivir. Por isto, debemos garantir que a cultura se teña en conta na maioría dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), incluídos aqueles que se centran na educación de calidade, as cidades sostibles, o medio ambiente, o crecemento económico, as pautas de consumo e produción sostibles, as sociedades inclusivas e pacíficas, a igualdade entre xéneros e a seguridade alimentaria.

III. EN ACCIÓN

As seguintes acción que levamos a cabo dende Arteficial forman parte do proceso de crear un evento 100% sostible, que teña en conta os ODS e a axenda 2030.

SENSIBILIZACION E INFORMACIÓN SOBRE SUSTENTABILIDADE

ODS 3 - A adopción de medidas de seguridade, saúde, hixiene e benestar.

ODS 5 - Emprego dunha comunicación inclusiva e non discriminatoria.

COMUNICACIÓN

Leváronse a cabo accións de sensibilización a través dos perfís de Instagram e Facebook do evento en materia de sustentabilidade: asociacionismo, economía circular, protocolo violencia machista do evento, posta en valor do patrimonio do Ribeiro, asociacionismo, entre outras.

PRODUCCIÓN

En Asembleas previas ao evento informouse das distintas accións a levar a cabo pola equipa de produción e organizouse ao voluntariado que ía a participar no evento para que informasen ás persoas asistente sobre as boas prácticas medioambientais que se levan a cabo no evento para reducir a pegada.

Dentro de cada comisión de traballo, analizaronse as distintas decisións tomadas neste eido e axustáronse á realidade de cada edición.

BARRAS

Informouse ao responsable de barra e as persoas encargadas das distintas quendas o plan de sustentabilidade que incorpora a asociación en relación a este servizo: vasos reutilizables, xestión de residuos e reciclaxe.

Ademais, a equipa de produción coordínase coa equipa da barra para por en marcha o protocolo de violencia machista. A barra é un dos espazos principais onde as persoas acoden para pórse en contacto con membros da asociación e as responsables do protocolo. No recinto do evento, atópase sinalizado este punto violeta, así como tamén se amosa exposto o manifesto da asociación e a indicación de “Espazo libre de violencia machista”.

ACTIVIDADES PARA CRIANZAS

Durante o evento ofrécense actividades para crianzas e familias que teñen como eixe transversal a reutilización de residuos, a reciclaxe e a conservación do medio. Nestas actividades tentamos que as nenas e nenos que se achegan ao festival pasen un bo rato mentres lle damos unha segunda vida a materiais de refugallo creando pezas artísticas, musicais, etc.

ECONOMÍA CIRCULAR – REDUCE, REUTILIZA, RECICLA

ODS 3 - A adopción de medidas de seguridade, saúde, hixiene e benestar.

ODS 6 - Minimizar o consumo de auga e garantir o acceso gratuíto á auga potable.

ODS 7- Minimizar o consumo enerxético e, sempre que sexa posible, abastecerse de fontes renovables ou menos contaminantes.

ODS 12 - Implantación de criterios de economía circular: reducir, reutilizar e reciclar, e dispor dun sistema axeitado de recollida e xestión dos residuos.

VASOS REUTILIZABLES

Como exemplo da economía circular, dende hai anos, traballamos con vasos reutilizables para evitar a xeración de residuos plásticos durante as nosas actividades. Os vasos de plástico tradicionais (dun so uso) tardan en degradarse unha media de 50 anos. E dicir, por un ratiño vendo un dos bolos de Artificial despois de pedir na barra, deixaríamos unha pegada de 10 lustros na nosa terra.

Tódolos anos tentamos inverter en materiais que podamos reutilizar dun ano para outro e así non xerar residuos nin malgastar recursos. Algún dos exemplos que poderemos encontrar son:

ESPAZOS DE SOMBRA

As teas que penduran na Praza de Buxán para ofrecer espazos de sombra ao público do evento, foron no seu momento as intervencións artísticas doutros colectivos ou artistas que colgamos na fachada de Igrexa da Madalena. Aproveitamos estas teas para protexernos do sol nos distintos espazos do evento e ao mesmo tempo non xerar residuos.

SERVIZOS E DECORACIÓN

tanto as estafetas da sinalización dos espazos como as mesas do Mercado das Sementes son un préstamo que nos fai a Coordinadora da Festa de Istoría, evitando así que nas asociacións da vila teñamos moito material que so se usa unha vez ao ano e fomentando ao mesmo tempo o asociacionismo na nosa comarca. Por outra banda, os capachos para o lixo e as luces levan anos con nos así coma os banderíns que dan cor na Praza da Madalena. Tódolos anos gardámoslos con agarimo para que a seguinte edición estean como novos.

ESTACIONES DE AUGA

Este 2022 incorporamos unha nova acción para evitar a xeración de plástico durante o festival e para garantir o benestar dos equipos de traballo durante os días previos ao evento e na propia xornada.

Colocaranse tanques de auga gratuíta para toda a equipa de produción, técnicos de son, bandas e o resto dos axentes que fan posible levar a cabo o festival. Isto supón unha redución moi significativa de residuos plásticos derivados de botellas individuais de auga así como nos aseguramos o benestar de toda a equipa de traballo.

MERCADO DAS SEMENTES

ODS 11 - Apoio á contorna artística local.

Unha das actividades estrela do noso festival é o noso querido Mercado das Sementes. A comezos do século XX acontecía, na mesma praza da Madalena, un mercado na época da sementeira na que as veciñas e veciños ían mercar sementes para as novas colleitas. Cen anos despois, rescatamos esta tradición do esquecemento, actualizándoa, para darlle espazo ao traballo creativo de moitas creadoras e pequenas empresas de emprendemento cultural e social, todas elas novas sementes das que está a gromar a cultura galega do século XXI.

O Mercado das Sementes é pois unha experiencia cultural máis na que temos amosado traballos que van dende a ilustración, o fanzine, a fotografía, editoras independentes, novos selos discográficos, moda, xoiería e ate ONG's de acción local.

Con este pequeno mercadiño queremos por en valor o comercio sostible a través da creación dunha rede de apoio no eido cultural.

PROTOCOLO VIOLENCIA MACHISTA

ODS 5 - Igualdade de xénero.

Tal e como reflexamos no noso manifesto, rexeitamos calquera das formas da violencia machista e manifestamos a nosa repulsa ante calquera tipo de discriminación. Queremos espazos libres de agresións, onde todas poidamos sentirnos seguras e libres de ser.

Dende o ano 2017 contamos cun protocolo de agresión machistas no noso festival, o que nos permite actuar con rapidez se se produce unha. Este protocolo atópase pendurado nos distintos espazos do evento para informar ao público.

O noso maior desexo é que tódalas persoas que nos visiten disfruten e que non se teñan que preocupar mais que por divertirse. Faremos do noso amor pola música e a cultura un desafío ao patriarcado e as desigualdades, creando espazos cómodos, feministas e libres.

ASOCIACIONISMO E CARÁCTER VOLUNTARIO

ODS 11 - Colaboración con empresas locais.

ENTRADA SOLIDARIA

O Festival Artificial é de balde, mais animamos a tódalas/os asistentes a que, de xeito solidario, acheguen unha pequena doación de alimentos non perecedoiros e produtos de hixiene en favor da Cruz Vermella do Ribeiro. Queremos apoiar deste xeito a grande labor que realizan ao mesmo tempo que fomentamos e concienciamos sobre as accións de carácter altruista.

COLABORACIÓNS

Colaboramos con outras asociacións e colectivos da nosa contorna, creemos que aí e onde se atopa o aprendizaxe, as ideas e os proxectos interesantes. Pensamos que crear pontes, apoiarnos e crear comunidade é esencial para o desenvolvemento sustentable.

Algunhas das compas coas que temos traballado son: Actíva-t (Noite Meiga), Festa da Istoría, Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Festival Kerouac, Pouvelle Estudio, Mercado da Arte en Vigo, todas as artistas, público, salas, etc. que participa no Fanzine de xeito voluntario, entre outras.

Arteficial é unha asociación que está aberta para todas aquelas persoas que lles apetece colaborar na creación de alternativas culturais no Ribeiro teña un oco. Arteficial é unha gran familia onde todas e todos, de xeito voluntario, aportamos o noso gran de area para que o festival sexa mellor cada ano. Temos a sorte de ser unha equipa variada e diversa, na que cada persoa dedica o seu tempo a aquelas actividades nas que se sente máis cómoda, por iso todo o que facemos en Arteficial está feito con moito agarimo.

CONSUMO DE PROXIMIDADE

ODS 11 - Colaboración con empresas locais.

Arteficial é un exemplo de consumo de proximidade sempre que é posíbel. Sempre que se merca ou se consume priorízase que sexa dentro da comarca do Ribeiro. Algún exemplo disto poden ser ferreterías, restaurantes, serigrafía, papelerías ou outros establecementos.

FOMENTO DO NOSO PATRIMONIO

Arteficial desenvólvese principalmente no Barrio Xudeo de Ribadavia e esta localización e a elección dos espazos non son unha casualidade. Temos a responsabilidade de por en valor o noso patrimonio cultural, artístico e histórico e consideramos de vital importancia voltar ao barrio, permitindo que o público de Arteficial disfrute da nosa riqueza monumental, paisaxística e histórica. Os espazos aos que damos visibilidade e coidamos durante o evento son:

- Praza Buxán
- Igrexa da Madalena
- Adro da Igrexa da Oliveira
- Praza da Madalena
- Rúas do Barrio Xudeo
- Taberna Papuxa

IV. PROPOSTAS 2022 – 2023

RECICLAXE E RESIDUOS

- Colocar illas de reciclaxe con todos os colectores (orgánico, papel, vidro, plásticos e metais, etc.), evitando a dispersión de colectores illados.
- Estudar os lugares estratéxicos onde situar os puntos de recollida selectiva e papeleiras (zonas onde se dispensen alimentos, mesas, merenderos, etc.), asegurando que sexan moi visibles, e accesibles a acódelas usuarias e aos equipos de limpeza.
- En lugares abertos, facilitar cinceiros para depositar as cabichas.

HIXIENE

ODS 3 - A adopción de medidas de seguridade, saúde, hixiene e benestar (ODS 3)

ODS - 10 A adopción de medidas que garantan a accesibilidade (física, motora, cognitiva, sensorial e orgánica)

- Colocar baños portátiles suficientes, senón existen estes ou son insuficientes, e situalos estratexicamente, segundo as zonas de actividade do recinto e en función da previsión de asistentes ao evento. Os baños deben ser accesibles para todas as persoas, tamén para aquelas con necesidades especiais.

ENERXÍA

ODS 7 - Minimizar o consumo enerxético e, sempre que sexa posible, abastecerse de fontes renovables ou menos contaminantes (ODS 7)

- Identificar puntos de luz estratéxicos para reducir o número de lámpadas e focos.
- Utilizar lámpadas de baixo consumo enerxético (fluorescentes e/ou leds).

TRANSPORTE

ODS 13 – A promoción do transporte público compartido e fomentar a idea de multimodalidade.

- Sensibilizar sobre compartir transporte e informar sobre horarios de transporte público. Informar as liñas de autobús conectadas co emprazamento do evento. Pódese publicar a información nos folletos e carteis da festa, e nos medios de comunicación locais.

OUTRAS

ODS 8 – A medición de indicadores.

ODS 17 – Identificación e participación dos grupos de interese.

- Editar e distribuír folletos con dobre uso, por exemplo, con formato e función de marca páxina, abanico, postal, calendario, cincheiro, etc.
- Elaborar unha lista de comprobación con todas as accións previstas, podes aplicala antes do evento, para identificar as accións que che propós desenvolver, e despois do mesmo, para avaliar a cantidade de accións que lograches realizar de todas as que che propuxeches.
- Constituír un equipo verde encargado do seguimento dos obxectivos de sustentabilidade (profesionais e voluntarios).

ALIMENTACIÓN

- Dispensar produtos locais (km 0), ecolóxicos e/ou de comercio xusto.
- Abastecer o evento con produtos de tempada.
- Evitar a distribución e venda de produtos industriais.
- Cocinar pratos tradicionais ou propios da zona, como un valor engadido.
- Introducir froita de tempada, hortalizas e legumes en menús e petiscos.

- Diminuír o consumo de carne e utilizar aquela procedente da comarca.
- Solicitar ás empresas proveedoras, que sirvan produtos responsables, segundo os puntos anteriormente explicados.

En lila: aqueles ODS recollidos nas nosas accións

En verde: aqueles ODS pendentes de introducir.